

### III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

#### UNIVERSIDADE DE VIGO

*RESOLUCIÓN do 12 de xullo de 2021 pola que se publica o plan de estudos de máster universitario en Dirección TIC para a Defensa.*

Obtida a verificación do plan de estudos polo Consello de Universidades, logo de informe favorable da Axencia para a Calidade do Sistema Universitario de Galicia, así como a autorización da Comunidade Autónoma de Galicia, e establecido o carácter oficial do título polo Acordo do Consello de Ministros do 29 de novembro de 2019 (publicado no *Boletín Oficial del Estado* do 17 de decembro pola Resolución do secretario xeral de Universidades do 3 de decembro).

Esta reitoría, de conformidade co disposto no artigo 35.4 da Lei orgánica 6/2001, de universidades, na redacción dada pola Lei orgánica 4/2007, resolve publicar o plan de estudos conducente á obtención do título oficial de Máster universitario en Dirección TIC para a Defensa pola Universidade de Vigo.

Vigo, 12 de xullo de 2021

Manuel Joaquín Reigosa Roger  
Reitor da Universidade de Vigo

#### ANEXO

#### **Máster universitario en Dirección TIC para a Defensa pola Universidade de Vigo**

Código RUCT: 4316941.

Rama de coñecemento: Enxeñaría e Arquitectura.

Universidades participantes: Universidade de Vigo.

Cadro 1. Distribución de créditos ECTS segundo o tipo de materia.

Tipo de materia	Créditos ECTS
Obrigatorias	41
Optativas	13
Traballo fin de máster	6
Créditos totais	60



## Cadro 2. Contido do plan de estudos.

Materia	ECTS	Carácter	Curso	Módulos
Goberno, dirección e xestión TIC	3	OB	1º	Módulo 1: Común
Xestión de procesos TIC e mellora continua	4	OB	1º	
Xestión de servizos e calidade do servizo	4	OB	1º	
Enxeñaría de sistemas e xestión de proxectos TIC	4	OB	1º	
Deseño de arquitecturas TIC	3	OB	1º	
Transformación dixital e innovación	3	OB	2º	
Planificación e xestión de infraestruturas TIC	4	OB	1º	
Redes e sistemas de telecomunicación	3	OB	1º	
Sistemas de información	3	OB	1º	
Seguridade da información	3	OB	1º	
Xestión da seguridade e análise de riscos	4	OB	1º	
Normativa e lexislación	3	OB	2º	
Sistemas de comunicacións ópticos e inalámbricos	3	OP	2º	Módulo 2: Especialidade de Sistemas e Tecnoloxías de Telecomunicación (TEL)
Redes de banda larga	3	OP	2º	
Sistemas de comunicacións vía satélite, de posicionamento, teledetección e radionavegación	3	OP	1º	
Seguridade en sistemas de telecomunicacións	4	OP	1º	
Sistemas de computación	3	OP	2º	Módulo 3: Especialidade de Sistemas e Tecnoloxías da Información (INF)
Almacenamento e xestión de información	3	OP	2º	
Servizos e aplicacións software	3	OP	1º	
Seguridade en sistemas de información	4	OP	1º	
Traballo fin de máster	6	OB	2º	Módulo 4: Traballo fin de máster

Para a obtención do título de Máster universitario en Dirección TIC para a Defensa, o alumnado deberá superar os 60 ECTS de que consta o máster: 47 ECTS obrigatorios e 13 ECTS optativos dunha das dúas especialidades que se ofertan:

- 1) Especialidade de Sistemas e Tecnoloxías de Telecomunicación (TEL).
- 2) Especialidade de Sistemas e Tecnoloxías da Información (INF).

Opcionalmente, cabería a posibilidade de que o estudantado decida cursar total ou parcialmente a outra especialidade, sempre supeditado á autorización previa do Ministerio de Defensa, resultando un máximo de 73 ECTS.

